MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DO CONCERTO SOCIAL

Artigo 10.2.a) do Decreto 229/2020, do 17 do decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

ASIGNACIÓN DE CONCERTO SOCIAL PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN AMBULATORIA CON NENOS, NENAS E ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIAL E DESPROTECCIÓN, (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO BS214D)

A. Necesidade do concerto social e da concorrencia das circunstancias que fagan necesario acudir á convocatoria dun concerto social.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, del 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e a Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Esta Dirección Xeral ten previsto formalizar mediante procedemento de asignación de concerto social, o programa arriba referido por un período de vixencia desde a súa formalización (prevista desde o 15/12/2026) ata o 31/10/2027, con posibilidade de 6 meses de prórroga, segundo o artigo 8 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, en caso de existir crédito adecuado e suficiente. En concreto, de acordo co dito precepto, existe a posibilidade de prorrogar o concerto desde o 01/11/2027 ata o 30/04/2028. En todo caso, a resolución de concertación terá lugar no ano 2026.

O obxecto do presente concerto con código de procedemento BS214D, é a execución de programas de intervención ambulatoria con adolescentes en situación de dificultade social e desprotección.

A intervención ambulatoria con adolescentes ten como finalidade ofrecer orientación e tratamento terapéutico especializado, adaptado ás necesidades particulares do perfil de persoas menores que manifestan problemáticas derivadas do consumo de substancias tóxicas, relacións disfuncionais coas súas figuras parentais e a comisión de pequenos delitos, así como outras características de vulnerabilidade social derivadas da súa situación de desprotección.

O programa dará resposta psicosocioeducativa a diversas problemáticas, como son as cada vez máis frecuentes e cambiantes formas de violencia (sexual, filioparental, acoso escolar, violencia dixital), condutas suicidas, trauma complexo, problemas de apego, procesos complicados de acollemento, adopción ou postadopción, as diferentes expresións das dificultades de autorregulación emocional, tales como: uso e abuso de sustancias, adiccións a novas tecnoloxías, trastornos da conduta alimentaria, autolesións, entre outras.

Para levar a cabo estas actuacións desenvólvese entre outros o "programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco ou desamparo", cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do programa FSE+ GALICIA 2021-2027, que é un programa que ten

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pdMVcqIOkkO8 https://sede.xunta.gal/cve

como obxecto a atención, avaliación e tratamento terapéutico das nenas, nenos e adolescentes pero que cunha capacidade do programa insuficiente para cubrir as necesidades existentes, xa que segundo a estatística de protección de menores de 2025 en Galicia, a 31 de decembro de 2025, había 1.729 nenos, nenas e adolescente tutelados/as pola entidade pública, isto sin ter en conta os nenos, nenas e adolescentes con outras medidas de protección como a garda ou o apoio á familia, todos/as eles/as amosan desaxustes emocionais-condutuais severos orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa medida de separación da súa familia, ou coa existencia de dificultades severas ou crónicas na convivencia dentro da súa familia de orixe. Por todo isto, é preciso contar cos medios proporcionados para a través da contratación dos servizos dar cobertura a todos/as os nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección á infancia e adolescencia.

Para levar a cabo a execución do dito programa, a Administración non conta con persoal suficiente, polo que a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, promove a colaboración de entidades en libre concorrencia pública a través dun procedemento de concerto social.

O obxectivo e particularidade deste programa consiste en ofrecer orientación e tratamento terapéutico e especializado, adaptado ás necesidades particulares do perfil de persoas menores. Estas necesidades maniféstanse por un consumo de substancias tóxicas, relacións disfuncionais coas súas figuras parentais e a comisión de pequenos delitos, así como algunhas outras características de vulnerabilidade social derivadas da súa situación de desprotección, como ser vítima ou vitimario de distintas formas de violencia.

Con carácter xeral, este programa atenderá a persoas menores con idades comprendidas entre os 9 e 18 anos, aínda que poderá continuar ou reincorporarse a dito programa ata os 21 anos, así como ás súas familias como parte do proceso terapéutico da persoa menor.

Para reforzar a súa dimensión preventiva, o programa poderá reservar ata un 10% do número estimado de persoas usuarias, para destinalo á atención daqueles NNA que, sen ter aberto un expediente no Servizo de Protección de Menores, manifesten unha problemática abordable dende este programa e foran derivados por outros axentes sociais.

O servizo prestarase na provincia de Pontevedra (cidade de Vigo).

B. Modalidade do concerto social

A modalidade de concertación que se empregará consiste no procedemento de asignación de concertos, regulado no artigo 9 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O emprego da figura do concerto social está xustificado na incorporación desta figura á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, como mecanismo que permite á Administración impulsar as súas relacións coas entidades prestadoras deste tipo de servizos e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades económicas deste sector. Esta modalidade está xustificada pola Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, na que se lle recoñece aos Estados membros e aos poderes públicos a capacidade de organizaren os servizos sociais de modo que non sexa necesario formalizar contratos públicos, sempre que no dito sistema se garanta unha publicidade suficiente e se axuste aos principios de transparencia e non discriminación. En termos semellantes se expresa a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, toda vez que a través dela se traspón ao ordenamento xurídico español a dita directiva.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pdMVcqIOkkO8 https://sede.xunta.gal/cve

Ademais, o emprego do concerto social neste caso axústase ao disposto no Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. O seu artigo 2 indica que se poderá empregar esta figura coas entidades que ofrezan servizos sociais previstos nas carteiras de servizos vixentes que se determinen. O acollemento residencial de menores está previsto no Decreto 192/2015, de 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia (DOG núm. 108, de 8 de xuño de 2016). En concreto, o punto 2.4.7 do Anexo desta norma refírese ao "Servizos de atención terapéutica a menores".

C. Idoneidade do concerto social

A carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, definida no Decreto 192/2015, establece os servizos de atención terapéutica a menores. Este servizo defínese como o conxunto de intervencións técnico-profesionais destinado á atención a nenos, nenas e adolescentes que presentan desaxustes psicolóxicos, emocionais e/ou de conduta severos, orixinados ou relacionados coa situación de desprotección que sufriron, coa separación da súa familia, ou que deriven en dificultades severas ou cronificadas na convivencia.

O concerto social trátase dun novo mecanismo que permite impulsar a relación da Consellería de Política Social e Igualdade coas entidades prestadoras de servizos sociais e acadar unha maior seguridade xurídica nas actividades económicas deste sector. Á súa vez, incorpora na provisión dos servizos sociais os principios de atención personalizada e integral, o que supón un modelo acaido para a atención da infancia e adolescencia en situación de desprotección.

É por isto que se considera idóneo este mecanismo do concerto social para levar a cabo execución do programa de acollemento residencial de primeira acollida con carácter de urxencia.

D. Xustificación dos criterios e requisitos establecidos

1. Criterios de selección e preferencia

1.1. Para a formalización deste concerto, de acordo co artigo 33 quinquies.5 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, darase prioridade ás entidades sen ánimo de lucro, cando existan análogas condicións de efectividade, calidade e rendibilidade social, sempre que, en todo caso, se garanta a libre concorrencia e se respecten os principios de igualdade de trato, de non discriminación e de transparencia.

Deste xeito, a consideración de entidade sen ánimo de lucro inclúese entre os criterios de desempate.

1.2. Neste procedemento de asignación de concerto establécense os seguintes criterios para a selección da entidade adxudicataria, coa finalidade de acadar unha valoración que sirva para establecer unha orde de prelación para concertar:

a) Calidade do proxecto técnico. Ata 20 puntos, baremado de acordo cos seguintes criterios:

a.1) Proxecto de intervención cas persoas menores e as familias, ata 15 puntos, tendo en conta a coherencia entre as distintas problemáticas e necesidades atendidas e os obxectivos, contidos, metodoloxía e actividades propostos, segundo os seguintes criterios:

– Descrición das necesidades e características das familias e persoas menores, beneficiarias deste programa: 4 puntos.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pdMVcqlOkkO8 https://sede.xunta.gal/cve

– Definición da estrutura e fases da derivación e da intervención, elaboración do plan de actuación, intervención, seguimento e finalización. Actuacións específicas e temporalización para as intervencións en crises así como persoal asignado para a recepción destes casos: Ata 4 puntos.

– Sustento teórico, estratexias e ferramentas a través das cales se articulará o programa: ata 4 puntos.

– Modelos de coordinación cos equipos técnicos de menores das xefaturas territoriais e co resto de axentes sociais e entidades administrativas que interveñan no caso: Ata 3 puntos.

a.2) Calidade do sistema de avaliación dos resultados da intervención coas familias e nenos, nenas e adolescentes propostos: Ata 5 puntos.

b) Instalacións en que se levará a cabo o servizo: ata 10 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

b.1) Dimensións, distribución e grao de adecuación dos espazos, así como grao de adecuación dos equipamentos ás actividades que se vaian realizar, incluída a situación xeográfica: ata 5 puntos.

b.2) Grao de conservación, calidade e confortabilidade dos espazos e equipamentos, incluída a accesibilidade: ata 5 puntos.

c) Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade: ata 10 puntos.

De acordo co establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, valorarase a existencia na entidade de políticas en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución deste concerto do seguinte xeito:

c.1) Estar en posesión da Certificación galega de Excelencia en Igualdade ou equivalente (4 puntos).

c.2) Estar en posesión do Certificado de Empresa Familiarmente Responsable, ou equivalente (4 puntos).

c.3) Estar en posesión do recoñecemento á promoción da parentalidade positiva, outorgado polo Ministerio de Sanidade xunto coa Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), ou equivalente (2 puntos).

d) Experiencia do persoal asignado ao proxecto, ata 30 puntos. Computarase 0,5 puntos por cada ano de experiencia en materia de atención terapéutica do persoal asignado ao proxecto a partir de 2 anos de experiencia previa mínima. Terase en conta a experiencia laboral como persoal técnico en programas ou servizos relacionados directamente co obxecto deste concerto.

e) Formación do persoal asignado ao proxecto, ata 20 puntos.

e.1) Formación previa: Ata 15 puntos. Valorarase cun punto cada 25 horas de formación do persoal na materia da súa especialidade impartidas por organismos oficiais.

e.2) Plan de formación continua: Valorarase ata un máximo de 5 puntos o plan de formación continua dos profesionais asignados ao proxecto. Este plan valorarase en función dos seguintes criterios:

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pdMVcqlOkkO8 https://sede.xunta.gal/cve

-Adecuación do plan de formación continua ás características do programa concertado. Ata 3 puntos.

-Obxectivos, contidos metodoloxía e temporalización das actividades. Ata 1 punto.

-Adecuación do perfil profesional dos formadores. Ata 1 punto.

f) Continuidade na atención prestada e implantación na provincia na que presta o servizo obxecto desta convocatoria, ata 10 puntos. Computarase un punto por cada ano por encima do requisito mínimo para optar ao concerto establecido na letra c) da cláusula F desta resolución (dous anos).

Empregarase como primeiro criterio de desempate a preferencia das entidades sen ánimo de lucro fronte ao resto de entidades prestadoras de servizos sociais. Como segundo, un número de integrantes do cadro de persoal superior ao 2 % nos termos do artigo 147.1 a) e o Acordo do Consello da Xunta de 8/4/2010 así como o previsto no Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de que varias empresas se atopen nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do concerto o licitador que acredite maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

2. Xustificación dos requisitos

Os requisitos que se propoñen para que as entidades poidan participar son os seguintes:

a) Estar debidamente inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Contar coa solvencia suficiente segundo os seguintes indicadores:

b.1) Solvencia económica e financeira. Acreditarase por un dos seguintes medios:

b.1.1) Volume anual de negocios, referido aos tres últimos exercicios concluídos dispoñibles en función da data de creación ou inicio das actividades da entidade. Reputarase solvente a entidade licitadora que acredite ter un volume de negocios no ámbito da atención á infancia e á adolescencia, referido ao ano de maior volume de negocios dos últimos tres concluídos, por un importe igual ou superior a 300.000 euros.

O volume anual de negocios da entidade acreditarase por medio de copia das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se a entidade estivera inscrita no dito rexistro. En caso contrario polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante copia dos seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b.1.2) Un seguro de indemnización de responsabilidade civil, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por un importe igual ou superior aos 250.000 euros anuais.

A súa acreditación efectuarase por medio de:

1. Unha declaración responsable asinada polo representante legal do licitador na que se exprese o importe asegurado e a súa vixencia, que deberá ser igual ou superior aos valores anuais indicados.

2. Unha vez adxudicado o concerto, a entidade que resulte adxudicataria estará en condicións

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pdMVcqlOkkO8 https://sede.xunta.gal/cve

de aportar de ser requirida, un certificado expedido pola aseguradora, na que consten os importes e riscos asegurados e data de vencemento do seguro, así como un documento de compromiso vinculante de subscrición, prórroga ou renovación do seguro, no caso en que proceda para garantir o mantemento da súa cobertura durante a execución do concerto.

b.2) Solvencia técnica ou profesional:

Reputarase solvente a entidade concertada que acredite cando menos un dos seguintes requisitos:

- ter un ou varios servizos de natureza análoga ao obxecto deste concerto, que se prestasen a algunha Administración Pública ou entidade privada (contabilizados ata o fin do prazo de presentación de proposicións) cuxos importes acumulados no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 50% do importe medio anual do custe do concerto social.

Importe medio anual (sen IVE)
247.615,24 €

A súa acreditación efectuarase por medio dunha declaración responsable asinada polo representante legal do licitador na que figuren os principais servizos e traballos realizados de natureza análoga ao obxecto deste concerto nos últimos tres anos computados ata a data de fin de prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria, que inclúa importes, datas e destinatarios públicos ou privados.

Unha vez adxudicado o concerto, a entidade que resulte adxudicataria estará en condicións de achegar de ser requirida:

Se o destinatario foi unha entidade do sector público, copia da certificación de boa execución expedida ou visada polo órgano competente. No caso de que o destinatario fose a Xunta de Galicia, os servizos comprobaranse de oficio.

Se o destinatario fose un suxeito privado, mediante unha copia da certificación de boa execución expedida por este ou, a falta de certificación, mediante unha declaración responsable da entidade declarando ter realizado o traballo ou servizo a satisfacción de aquel, acompañado dos documentos obrantes no poder do mesmo, que acrediten a realización da prestación.

- polo menos a persoa que exerza de director/a e outro membro do equipo técnico contan, respectivamente en postos de características asimilables, cunha experiencia mínima de dous anos, dentro dos últimos tres, nalgunha empresa ou entidade que á súa vez prestase servizos para unha Administración Pública ou entidade privada, sempre que tanto o servizo prestado, como as tarefas desempeñadas polo persoal, teñan natureza análoga ao obxecto do concerto.

c) Contar cunha experiencia mínima de atención á infancia e á adolescencia de 2 anos.

d) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente.

e) Estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pdMVcqIOkkO8 https://sede.xunta.gal/cve

f) Estar en condicións de poder presentar, de resultar adxudicataria, os seguros que se detallan no punto K.3 desta resolución (póliza de seguros dos locais e de responsabilidade civil).

g) Acreditación da titularidade do local ou dispoñibilidade mediante calquera título xurídico válido por un período non inferior ao da vixencia do concerto, así como, de ser o caso, a autorización da entidade ou persoa titular do inmoble onde se atopa o local e se prestan os servizos.

h) Estar en condicións de acreditar o cumprimento da normativa que, con carácter xeral ou específico, lle sexa aplicable, tanto pola natureza xurídica da entidade como servizo obxecto do concerto social.

Os requisitos esixidos para a subscrición deste concerto adáptanse ao establecido no artigo 6 do Decreto 229/220, do 17 de decembro. Polo que respecta á definición da solvencia económica e financeira e da técnica e profesional tomouse como criterio os baremos delimitados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, como normativa supletoria.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

Asinado por: JACOBO JOSE REY SASTRE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 15/10/2026 14:24:15

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: pdMVcqlOkkO8 https://sede.xunta.gal/cve